

DECLARACIÓN XURADA

- Que a actividade desenvolvida viuse afectada polo peche de establecementos disposto RD 465/2020 de 17 de marzo que modifica o artigo 10 do RD 463/2020 de 14 de marzo ou, non sendo este o caso, que a actividade desenvolvida sufriu unha redución da facturación no mes anterior á solicitude desta subvención de polo menos o 50% ,en relación coa media efectuada no semestre natural anterior á declaración do estado de alarma, ou en caso de non levar de alta os 6 meses naturais esixidos para acreditar a redución dos ingresos, durante o período de alta.
- Que a actividade afectada polo peche do establecemento disposta polo estado de alarma non se viu compensada por un incremento da facturación mediante un incremento do volume de negocio on line ou telefónico da persoa solicitante.
- Que a persoa solicitante reúne os requisitos para ser microempresa ou pequena empresa de conformidade co Anexo I do Regulamento (UE) n.º 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014.
- Que a persoa solicitante asume o compromiso de destinar a subvención á finalidade prevista.
- Que a persoa solicitante non está incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria e para ser receptora do pago establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e en concreto os artigos 10.2 e 10.3, e o apartado 7 do artigo 31 da mesma.
- Que a persoa solicitante comprométese ao cumprimento das obrigas das persoas beneficiarias de subvencións, establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que a persoa solicitante comprométese a declarar as axudas de minimis que lle foron concedidas por calquera proxecto durante os tres últimos exercicios fiscais, con indicación de importe, organismo, data de concesión e réxime de axudas en que se ampara, ou, no seu caso, declaración de non recibir ningunha; así como compromiso de comunicar o máis axiña posible as obtidas con posterioridade á presentación da solicitude.
- Que a persoa solicitante comprométese á comunicación de subvencións concedidas con anterioridade á presentación da subvención coa mesma finalidade e o compromiso de comunicar o máis axiña posible as axudas obtidas con posterioridade á presentación da solicitude e antes da resolución da mesma.
- Que no caso de tratarse dunha comunidade de bens, sociedade civil ou outra entidade económica sen personalidade xurídica non se disolverá ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 32 e 67 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

MORAÑA, a de de 2020

Asinado: _____

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: De conformidade co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e en cumprimento da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, os datos recabados desta solicitude serán tratados para a tramitación da mesma, baixo a responsabilidade da área tramitadora do procedemento instado, para os fins indicados polo Concello de Moraña e ante quen, as persoas afectadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dos mesmos. Así como a posta de reclamacións ante a autoridade de control. O tratamento de datos queda lexitimado por obriga legal e o consentemento das persoas interesadas. A presentación desta solicitude supón unha clara acción afirmativa en relación o tratamento dos datos persoais incorporados á mesma. Os datos supostos previstos na normativa vixente sobre protección de datos de carácter persoal,

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS: Consultar na folia anexa a este impreso

Concello de Moraña

Rúa N 1, nº2. Santa Lucía, Moraña. 36660 (Pontevedra). Tfno. 986 553 005. Fax: 986 553 442
N.º de Rexistro de Entidades Locais de Galicia: MU 2000/303 – C.I.F. P-3603200 A